

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA PROGRAMACIÓN ESTABLE DE CINE GALEGO EN ENTIDADES GALEGAS DO EXTERIOR.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración DECLARA:

Que a Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Academia Galega do Audiovisual o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 15 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Academia Galega do Audiovisual para o desenvolvemento dunha programación estable de cine galego en 8 entidades galegas do exterior a través do Ciclo Mestre Mateo.

Que a adecuación do instrumento colaborativo vén determinada pola achega de cada parte en canto aos elementos base da súa participación, polas funcións indispensables de cada unha no desenvolvemento dos compromisos e o interese común de ofrecer á comunidade galega no exterior a oportunidade de coñecer e gozar do mellor cine feito en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as partes asinantes en orde á consecución do obxecto referido, posto que consideran prioritario desenvolver este proxecto cultural.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Academia Galega do Audiovisual é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus obxectivos fomentar o desenvolvemento das artes e das ciencias relacionadas directa ou indirectamente coa produción audiovisual en Galicia en todos os seus sectores, xéneros e formatos.

A Academia Galega do Audiovisual está a desenvolver o Ciclo Mestre Mateo, unha programación estable de cinema composta en exclusividade polas pe-

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN  
Praza de Mazarelos, núm. 15  
15703 Santiago de Compostela  
T. +34 981 957 158  
emigracion@xunta.gal  
galiciaaberta.com



lículas finalistas nos Premios Mestre Mateo do audiovisual galego, galardóns que destacan as obras de maior calidade na produción audiovisual do ano e son organizados tamén pola Academia.

A Academia Galega do Audiovisual percibirá da Secretaría Xeral da Emigración unha compensación de vinte e nove mil euros (29.000€) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022. A dita contía representa un 89,12% do orzamento Ciclo Mestre Mateo, que ascende a un total de 32.540 euros.

Non existe outra entidade para desenvolver este proxecto e, polo tanto, non procede promover a concorrència pública, posto que o Ciclo Mestre Mateo obxecto deste convenio é un proxecto orixinal da Academia Galega do Audiovisual, composto en exclusividade polas películas finalistas nos Premios Mestre Mateo do audiovisual galego, galardóns que destacan as obras de maior calidade na produción audiovisual do ano e que son organizados tamén pola Academia.

Polo exposto, tendo en conta os obxectivos pretendidos e que os intereses das partes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente a través da sinatura dun contrato administrativo ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional, e a fin de dar cumprimento ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

